

ACORDO DE PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL, O EXCELENTÍSIMO CONCELLO DE LUGO E A FUNDACIÓN "LA CAIXA" PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA CAIXAPROINFANCIA

Santiago de Compostela, a 30 de decembro de 2021

REUNIDOS:

Dunha parte, D^a. Fabiola García Martínez, na súa condición de conselleira de Política Social da Xunta de Galicia en virtude do Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, que actúa no exercicio do seu cargo e en función das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa presidencia, e de conformidade co disposto no Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e no Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

Doutra parte, D^a. Lara Méndez López, alcaldesa do Concello de Lugo, no seu nome e representación, actuando no exercicio do seu cargo e en función das atribucións que lle confire o artigo 124.4.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia.

E doutra parte, D. Marc Simón Martínez, con NIF 46.329.478A, en nome e representación da FUNDACIÓN BANCARIA CAIXA DE AFORROS E PENSIONES DE BARCELONA "LA CAIXA" – en diante, Fundación Bancaria "La Caixa" –, con CIF G58899998, e domicilio en Plaza Weiler, 3, 07001 Palma de Mallorca, actuando na súa calidade de Subdirector Xeral da mesma, en virtude de poder outorgado en data 27 de xullo de 2017, ante o Notario do Ilustre Col·legi de Notaris de Catalunya, e por oposición, Notario de Barcelona, D. Tomás Giménez Duart, protocolo número 2.222.

Todas as partes, na calidade con que interveñen neste acto, recoñécense reciprocamente capacidade para obrigarse e formalizar o presente acordo de prórroga de convenio, a cuxo efecto

EXPOÑEN

- I. Que con data de 25 de febreiro de 2020 a Xunta de Galicia, o Excelentísimo Concello de Lugo e a Fundación Bancaria "la Caixa" asinaron un convenio de colaboración para o desenvolvemento nunha área xeográfica determinada dentro do ámbito urbano da cidade de Lugo do Programa CaixaProinfancia, cuxa finalidade principal é a de facilitar á infancia afectada por unha situación de pobreza e vulnerabilidade social o seu desenvolvemento integral e o incremento das súas oportunidades.
- II. Que a cláusula oitava do convenio establece os seus efectos desde o 1 de xaneiro de 2019 ata o 31 decembro de 2021, indicando que pode ser prorrogado de mutuo acordo.
- III. Que o programa obxecto do convenio vén desenvolvendo ao longo da vixencia do mesmo de forma satisfactoria, polo que todas as partes manifestan a súa vontade de prorrogalo.

Polo exposto, estando próximo o vencemento do convenio, as partes, na representación que cada unha delas ostenta, adoptan o seguinte ACORDO:

Prorrogar o convenio de colaboración por un período de tres anos, surtindo efectos desde o 1 de xaneiro de 2022 ata o 31 de decembro de 2024..

A vixente prórroga desenvolverase nos mesmos termos e asumindo cada unha das partes os mesmos compromisos manifestados no convenio de colaboración obxecto da actual prórroga.

E para que conste e en proba de conformidade, asínase o presente acordo de prórroga no lugar e data ao principio indicados.

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL




Carlota García Martínez.

O SUBDIRECTOR XERAL DA FUNDACIÓN
BANCARIA "LA CAIXA"



Marc Simón Martínez

A ALCALDESA DO EXCELENTÍSIMO CONCELLO DE LUGO




Lara Méndez López